

31-10-2018

SEXTO EDIFICIO MUSEO DE PONTEVEDRA

**XXIII  
PREMIO  
XOVE  
EMPRESARIO  
DO ANO  
PONTEVEDRA**



Galicia  
Jóvenes Empresarios



Pontevedra  
Jóvenes Empresarios



Confederación Española  
Jóvenes Empresarios

# XXIII PREMIO XOVE EMPRESARIO DO ANO PONTEVEDRA

## PREMIOS

Esta XXIII Edición do Premio Xove Empresario do Ano 2018 componse de dúas categorías e as seguintes mencións de honor:

- **XOVE EMPRESARIO DO ANO 2018:** dotado en función das súas necesidades e da súa actividade dunha oficina ou dunha nave no polígono industrial de Barro – Meis, con vixencia dun ano; ordenador persoal HP; Cheque de 6.000€ en formacións de Galicia Business School; un ano de afiliación gratuita en AJE e escultura conmemorativa deste evento.
- **XOVE EMPRENDEDOR DO ANO 2018:** dotado con aloxamento gratuito durante un ano nun dos viveiros do Consorcio da Zona Franca de Vigo; ordenador persoal HP; Cheque de 6.000€ en formacións de Galicia Business School; un ano de afiliación gratuita en AJE e escultura conmemorativa deste evento.

Todas as candidaturas presentadas optan a:

- **ACCÉSIT INNOVACIÓN:** Un iPad; Cheque de 2.000€ en formacións de Galicia Business School; 6 meses afiliación gratuita AJE e escultura conmemorativa deste evento.
- **ACCÉSIT CREACIÓN DE EMPREGO:** Un iPad; Cheque de 2.000€ en formacións de Galicia Business School; 6 meses afiliación gratuita AJE e escultura conmemorativa deste evento.
- **ACCÉSIT** á Innovación no Sector Alimentario: Un iPad; Cheque de 2.000€ en formacións de Galicia Business School; 6 meses afiliación gratuita AJE, estancia gratuita durante 1 ano no Espacio Emprendedor de Marín e escultura conmemorativa deste evento.
- **Premio Honorífico** ao empresario de recoñecido prestixio da provincia de Pontevedra.

**Todas as candidaturas presentadas optarán a un dos dous postos do espazo do Centro de Emprendemento (CEM)** na Cidade da cultura, adecuados para a súa adaptación a actividade prevista durante un período de 1 ano sen custo, en renda e gastos de comunidade, salvo os gastos correntes/privativos que xere o propio negocio e as responsabilidades que da propia actividade se deriven.

**Todas as candidaturas presentadas optarán a unha nave** (entre 131,20m<sup>2</sup> y 142,70m<sup>2</sup>) **no Viveiro de Empresas de Lalín** da Deputación de Pontevedra, adecuada para a súa adaptación a actividade prevista durante un período de 1 ano sen custo, en renda e gastos de comunidade, salvo os gastos correntes/privativos que xere o propio negocio e as responsabilidades que da propia actividade se deriven. Ademais todos os candidatos aos premios recibirán un **diploma de participación**.

## REQUISITOS

- Poderán presentarse todos aqueles xóvenes empresarios e emprendedores con data de **nacemento non anterior ó 31 de Outubro de 1977**.
- **Xove Empresario do Ano 2018** empresas constituídas con anterioridade ao **30 de Abril de 2017**.
- **Xove Emprendedor do Ano 2018** debe ter un proxecto de empresa a punto de por en marcha ou empresa constituída con posterioridade ao **30 Abril de 2017**.
- Ter domicilio social na provincia de Pontevedra.
- O capital social das empresas candidatas deberá estar participado nun **25%** como mínimo por persoas físicas menores de **41 anos**.
- A empresa non poderá estar participada por entidades ou empresas de titularidade **pública**.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais, pagos de cotas á seguridade social e non ter contraída **débeda** algunha coa Comunidade Autónoma Galega
- Non ter solicitado declaración de concurso, non ter sido declarado **insolvente** ou en concurso nin estar suxeito a intervención xudicial nin inhabilitado conforme a lei concursal.
- **Os candidatos deberán ter disposición para a grabación dun video promocional da súa candidatura por parte de AJE Pontevedra.**
- **Asistencia obrigatoria ao acto de entrega dos premios.**

## DOCUMENTACIÓN

Os candidatos que desexen concorrer a estes Premios deberán enviar a documentación a [info@ajepontevedra.com](mailto:info@ajepontevedra.com)

- Solicitud de candidatura asinada que poderán conseguir na sede de AJE Pontevedra ou descargala na páxina web [www.ajepontevedra.com](http://www.ajepontevedra.com)
- Memoria descritiva da actividade empresarial. (Incluíndo un punto sobre as súas acción en relación RSC)
- DNI do candidato ou candidatos.
- Tarxeta CIF da Empresa.
- Escrituras de Constitución da Empresa, estatutos e modificacións posteriores.
- Logotipo para a difusión dos candidatos en web, redes, prensa e para o día do evento.

As candidaturas xunto coa documentación sinaladas bases poderá presentarse ata o **28 de outubro, ás 23:59h**.